

MPN/plc

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 19/01/2024

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. José Carlos López Campos
SUPLENTE	D. Roberto José Álvarez Carrero
VOGAIS:	D ^a . Marta Fernández-Tapias Núñez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Jorge Cubela López
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D. ^a María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D. ^a María Nava Castro Domínguez
	D. Gorka Gómez Díaz en substitución de D. Carlos López Font
	D. ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez en substitución de D. Carlos Gómez Prado
	D. ^a Ana Laura Iglesias González
	D. ^a Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
	D ^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día dezanove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. José Carlos López Campos. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de decembro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.-DITAMINAR A ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN REALIZADA POLO CONCELLO DE BAIONA PARA QUE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ASUMA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS MUNICIPAIS (EXPEDIENTE Nº 2022008467)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación.

"PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro. A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos con importantes esixencias para os concellos.

Unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os concellos establecer a recollida separada de, polo menos, as seguintes fraccións de residuos de competencia local:

- a) O papel, os metais, o plástico e o vidro*
- b) Os biorresiduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria*
- c) Os residuos téxtiles antes do 31 de decembro de 2024*
- d) Os aceites de cociña usados antes do 31 de decembro de 2024*
- e) Os residuos domésticos perigosos antes do 31 de decembro de 2024, para garantir que non contaminen outros fluxos de residuos de competencia local*
- f) Os residuos voluminosos (residuos de mobles e aveños) antes do 31 de decembro de 2024*
- g) Outras fraccións de residuos determinadas regulamentariamente*

Sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en canto á porcentaxe máxima de impropios presente en cada unha das fraccións anteriores para a súa consideración como recollida separada, no caso dos biorresiduos a Lei sinala que a porcentaxe máxima de impropios



será do 20% desde 2022 e do 15% desde 2027, porcentaxe susceptible de minoración por orde ministerial.

A superación de devanditas porcentaxes de impropios e o incumprimento da obriga de establecemento de recollida separada para as fraccións de residuos mencionadas, terá o carácter de infracción administrativa grave sancionable polas Comunidades Autónomas (artigo 25.4, en relación co artigo 108.3.w da citada Lei).

Para evitar posibles sancións as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas e redución de impropios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

O artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora; e o artigo 106.6 do citado texto normativo dispón que os produtores de residuos domésticos e comerciais estarán suxeitos ás inspeccións por parte das entidades locais, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e nesta lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, para o cal as autoridades competentes deberán dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas relativas á autorización, vixilancia, inspección, sanción e información (...).

Segundo. *En relación co anterior, consciente da inxente carga de traballo que esas obrigas traerán consigo e da escaseza de medios materiais e de persoal municipal que poida asumila, a Deputación de Pontevedra está en disposición de crear un corpo de vixilancia, inspección e control en materia de residuos e asumir a xestión desta actividade, previa encomenda dos Concellos articulada a través dun Convenio de cooperación.*

Para iso, o Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022 (acordo nº 6.7877), aprobou o Convenio marco de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Nese mesmo acordo a Deputación aceptou as encomendas de xestión realizadas polas seguintes entidades locais: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Cangas, Bueu, Moaña).

Unha vez aceptadas e formalizadas as encomendas mediante a sinatura dos correspondentes Convenios, estes publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 241, de data 20 de decembro de 2022, conforme ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015.

Posteriormente o Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2023 (acordo nº 7.7967), aceptou as encomendas de xestión realizadas polos Concellos de Mondariz-Balneario e Gondomar que unha vez aceptadas e formalizadas mediante a sinatura



dos correspondentes Convenios, estes publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 84, de data 3 de maio de 2023, conforme ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015.

Terceiro. O 13 de decembro de 2023, o Concello de Baiona remite o acordo plenario celebrado o 7 de decembro de 2023 a través do cal aproba o Convenio de referencia e encomenda á Deputación de Pontevedra o servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Cuarto. De acordo co estudo de custos que figura no expediente administrativo da súa razón, os gastos anuais asociados á posta en marcha do servizo para os 15 Concellos adheridos ao servizo ascenden a **455.142,18 euros**, contemplándose inicialmente, e con carácter xeral, unha ratio dun/ha vixilante de residuos por cada 20.000 habitantes.

As funcións de vixilancia serán levadas a cabo polo persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra que superou o proceso selectivo convocado a tal efecto (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna), xunto co persoal técnico da sección de residuos.

Conforme á cláusula quinta do Convenio, para salvagardar a eficacia e a eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que deben abonar os concellos axustarse ao baremo que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o Convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Quinto. Tendo en conta que o Convenio contempla unha serie de bonificacións de carácter xeral e específico, para o ano 2024 a achega correspondente ao Concello de Baiona será do 75% (27.915,75 €), importe que unido á aportación do 65% dos 12 concellos que se adheriron antes do 31 de xullo de 2022 (de 241.394,40 €), e o 75% dos Concellos de Mondariz Balneario e Gondomar (de 35.428,50 €), supón unha estimación de ingresos de 304.738,65 € que se imputarán ao concepto de ingresos 923 399.08

O importe restante (150.403,53 €) ata a cobertura do custe estimado da encomenda será financiado pola Deputación de Pontevedra. Dito gasto imputarase as aplicacións correspondentes ao centro xestor 923 (SAIM) do orzamento provincial. Segundo a estimación dos custes asociados á encomenda, o custe principal se corresponde con gastos de persoal, de xeito que a efectividade da encomenda queda condicionada á toma de posesión das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo de vixilantes de residuos (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna), prazas previstas no orzamento provincial e na relación de postos de traballo do centro xestor SAIM para o exercicio 2024. O resto dos gastos previstos financiarase con cargo ao crédito dispoñible nas aplicacións e vinculacións seguintes:

923.1623.204.00 Arrendamento de vehículos e 923.1623.221.03 Combustibles
923.1623.221.04 Vestiario



923.1623.227.06 e 923.1623.227.07 *Traballos realizados por outras empresas (analíticas compost e caracterizacións)*

923.1623.231.20 *Locomoción*

923.1623.626.01 *Equipamento informático*

923.1623.629.01 *Menaxe, útiles e ferramentas*

Sexto. *Esta iniciativa provincial enmarcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que segundo o disposto no artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, estas teñen a competencia propia de dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.*

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Dito artigo contempla igualmente que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas administracións, formalizárase mediante a sinatura do correspondente convenio que deberá publicarse, neste caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Como corolario do anterior, o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, contemplan a posibilidade de que a Deputación subscriba convenios de cooperación cos concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, así como para garantir o acceso á poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

En aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución do 2 de decembro de 2016), remitírase ao Consello de Contas toda a documentación relativa a este Convenio.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 12 de xaneiro de 2024 (CSV: W01OH4BJRU8R9BVX), que conta co conforme do Secretario Xeral.

Visto o informe favorable da Intervención Xeral, de data 12 de xaneiro de 2024 (CSV: CEKDILAHW4LS3DQI).



Á vista do exposto, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro. Aceptar a encomenda de xestión realizada polo Concello de Baiona para que a Deputación Provincial de Pontevedra asuma a prestación do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos, nos termos reflectidos no Convenio marco de cooperación que regula esta encomenda aprobado polo Pleno provincial na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022 (acordo nº 6.7877).

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra, ou Deputado/a Provincial en quen delegue, para formalizar mediante a súa sinatura o convenio que regula dita encomenda de xestión e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación coa mesma.”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (EXPEDIENTE Nº 2023076185)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación.

"PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 26/12/2023, que conta co conforme do Deputado Delegado de Cooperación Local e Emerxencias (CSV:Z1EPAK7CZYRY33UJ), co seguinte teor literal:

"O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 8o da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA



OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de subscribir un novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

Primeiro. O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 14 de xaneiro de 2022, aprobou e ratificou a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, durante o período 2022-2023.

Segundo. A Comisión de Seguimento dos GES na sesión celebrada o 22 de novembro de 2023 acordou o seguinte:

"...Renovar por un ano (período 2024) a colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de emerxencia Supramunicipais coas seguintes modificacións:

- Incrementar 40.000 € ao ano a financiación de cada GES, pasando de 280.000 € cada GES a 320.000 €, mantendo as porcentaxes de cada ente financiador
- Completar ata 12 membros os GES da Estrada, Lalín, Mos e Redondela
- Igualar a financiación dos servizos municipais de Pontearreas e Sanxenxo a os dos GES pasando cada un de 155.000 € a 320.000€ ao ano
- Creación dun subGES de 6 membros do Grove
- Deixar por definir e sen asignación de crédito os GES asignados no convenio anterior aos Concellos da Cañiza, A Lama e Moraña..."

Terceiro. Próximo a expirar o prazo de vixencia do anterior Convenio, desde a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación económica coas Entidades Locais remítese por correo electrónico o borrador do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipal para o ano 2024, sendo necesario tramitar un novo expediente administrativo para a súa aprobación.



Cuarto. En relación co anterior, considerase necesario dar continuidade ao funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais para complementar a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais na provincia de Pontevedra, de forma que se cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia cun ámbito de atención superior ao municipal. Os GES participarán tamén en labores de prevención de incendios nos concellos da provincia.

Ordinariamente os GES desenvolven as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

Con carácter xeral os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratexicamente en 9 localidades, que se corresponden con 7 zonas de actuación, e que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación, segundo os técnicos da Xunta de Galicia.

Dentro das funcións dos GES podemos distinguir dous grandes bloques; as derivadas das propias situacións de emerxencia e as destinadas á prevención de incendios forestais, ambas as dúas que aparecen definidas en detalle nas cláusulas cuarta e quinta do presente Convenio.

De acordo co establecido na cláusula sexta, os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Quinto. Na provincia de Pontevedra o ámbito de actuación e cobertura a nivel provincial dos GES e os servizos municipais é a seguinte:

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

PONTEVEDRA	
Zona	Sede/s
Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona do Grove	O Grove
Zona de Tabeirós, Terra de Montes e Deza	A Estrada/Lalín
Zona Redondela / Mos	Redondela /Mos



COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

GES/Servizo municipal	Concello
36 Subzona Deza	Agolada Dozón Lalín Rodeiro Vila de Cruces
36 Subzona Tabeirós-Terra de Montes	Estrada, A Forcarei Teo Vedra
36 Zona O Grove	O Grove
36 Zona Baixo Miño	Guarda, A Oia Rosal, O Tomiño
36 Zona Mancomunidade do Val Miñor	Baiona Gondomar Nigrán
36 Zona Redondela	Pazos de Borbén Redondela Soutomaior
36 Zona Mos	Mos Pazos de Borbén Soutomaior
36 Zona Pontearreas Servizo Municipal Pontearreas	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Pontearreas Salvaterra de Miño
36 Zona Sanxenxo Servizo Municipal Sanxenxo	Grove, O Meaño Poio Sanxenxo

A diferencia do anterior Convenio, os grupos de emerxencia supramunicipais estarán formados por 12 membros [complétanse ata 12 membros os GES da Estrada (10), Lalín (6), Mos (6) e Redondela (6)], salvo o Concello do Grove con 6 membros e que se integra no convenio xeral por primeira vez este ano.



IMPACTO ECONÓMICO DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

Co novo Convenio as aportacións económicas totais entre as partes acadan as seguintes porcentaxes (punto sexto da parte expositiva):

Xunta de Galicia: 52,50 %.

Deputacións Provinciais: 40%.

Concellos: 7,5%.

De acordo coas porcentaxes de financiación, a aportación da Deputación de Pontevedra será de **1.088.000,00 euros** de acordo ao seguinte detalle:

Concello	Membros GES	Custo total GES (incluída prevención)	Achega Deputación (40%)
A Estrada	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Lalín	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Redondela	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Mos	12	320.000,00 €	128.000,00 €
A Guarda	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Mancomunidade Val Miñor	12	320.000,00 €	128.000,00 €
O Grove	6	160.000,00 €	64.000,00 €
Ponteareas	Serv. Municipal	320.000,00 €	128.000,00 €
Sanxenxo	Serv. Municipal	320.000,00 €	128.000,00 €
TOTAL			1.088.000,00 €

Así, o novo convenio supón un incremento da aportación económica da Deputación de Pontevedra de 146.666,67 euros respecto ao do ano anterior, ao pasar de 941.333,33 euros a 1.088.000,00 euros.

En canto á periodicidade das aportacións e co fin de dotar de liquidez aos Concellos, o Convenio establece que no ano 2024 a Deputación realizará un adianto do 50% da súa achega tras a sinatura do Convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

O financiamento das aportacións que no ano 2024 lle corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra se realizarán con cargo á aplicación **24/923.1360.462.05** do orzamento provincial dese ano.

VIXENCIA DO CONVENIO

*De acordo do previsto na cláusula décimo quinta, o Convenio obxecto de informe estenderá a súa vixencia dende o **1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024**, xa que no ano 2025 se pretende asinar un novo Convenio conxunto co resto das Deputacións Provinciais.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. *Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.*

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como "un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá." E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 2/1985 de protección civil e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro, e 133/1990, do 19 de xullo, do Tribunal Constitucional coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Segundo. *En relación co anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra, como órgano de goberno da Provincia, debe prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.*

Neste sentido o artigo 36.1.c) da LBRL establece como competencia propia das Deputacións a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de prevención e extinción de incendios nos municipios de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan a súa prestación.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, as Deputacións exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesa lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento,



naqueles municipios que non contén con servizos propios, por no resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Terceiro. *Pola súa banda, o artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a posibilidade de que as Entidades Locais celebren Convenios para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.*

A través destes Convenios as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores; e en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir con todos o algún dos municipios da provincia, Convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Cuarto. *O presente Convenio cumpre co establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Quinto. *Ao contemplarse unha soa anualidade no novo Convenio, o órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno de conformidade co disposto na base 16.2.c) de execución do orzamento.*

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto infórmase favorablemente a tramitación do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais durante o ano 2024, nos termos expostos”.

Vista a nota de conformidade emitida pola Secretaria Xeral en relación ao citado informe proposta, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 12 de xaneiro de 2024, favorable á tramitación do presente expediente, sinalando que a anualidade correspondente ao ano 2024 será imputable a aplicación 24/923.1360.462.05 na que existe crédito suficiente para este fin no vixente Orzamento Provincial, quedando retido mediante documento RC núm. 20240009882.



Á vista do exposto, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, cuxo teor literal se contén no documento referenciado co Código de verificación electrónica (CVE: ryfE175JHy2).

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación co mesmo.”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

